

Visitas turísticas e ocio activo



FERROL
www.visitferrol.com

SEMANA SANTA FERROL 2019
FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

Arsenal Militar

VISITA GUIADA. DÍAS 18, 19, 20, 21 DE ABRIL

Acompáñanos a visitar esta base naval do s. XVIII, a máis importante do norte de España, onde teñen a súa base as modernas fragatas F-100. Descubriremos o que hai detrás da muralla, os edificios históricos, o porto ideal da Ilustración e unhas instalacións aínda operativas que nos sorprenderán pola súa beleza e os seus 250 anos de historia. Declarada Ben de Interese Cultural. O percorrido realizarase en autobús e a pé.

INICIO DA VISITA:

» 11.00 h.

PUNTO DE ENCONTRO:

» Oficina de turismo do porto (15 min. antes)

DURACIÓN:

» 1 hora e 30 minutos.

TARIFA POLO GUÍA TURÍSTICO:

» 6 euros por persoa; menores de 5 anos, de balde. O pagamento efectuarase ao inicio.

Inscripción previa no 696531070 ou en ferturguias@yahoo.es. Prazas limitadas. É obrigatorio presentar documentación (DNI, pasaporte, carné de conducir ou militar) para acceder ao recinto. Está prohibido sacar fotografías e vídeos no Arsenal. Guías turísticos habilitados pola Xunta de Galicia. Visita posible grazas á colaboración da Armada.

Navantia

VISITA GUIADA. DÍAS 18, 19, 20, 21 DE ABRIL

Nesta visita guiada en autobús polas inmensas instalacións do estaleiro coñeceremos a súa historia, o seu presente e observaremos o proceso de construción dos barcos actuais.

INICIO DA VISITA:

» 12.30 h. Os días 18, 19 e 20 de abril, tamén ás 18.00 h.

PUNTO DE ENCONTRO:

» Praza de Galicia, diante da oficina de Correos (15 min. antes)

DURACIÓN:

» 1 hora e 30 minutos.

TARIFA POLO GUÍA TURÍSTICO:

» 6 euros por persoa; menores de 5 anos, de balde. O pagamento efectuarase ao inicio.

Reserva previa imprescindible no 696531070 ou en ferturguias@yahoo.es. Prazas limitadas. É obrigatorio presentar documentación (DNI, pasaporte, carné de conducir ou militar) para acceder ao estaleiro. Guías turísticos habilitados pola Xunta de Galicia.



Palacio de Capitanía

VISITA GUIADA. DÍAS 18, 19, 20, 21 DE ABRIL



O seu exterior austero agocha magníficos salóns, un luxoso comedor de gala, unha salíña de xogos, o despacho do almirante e o fastoso salón do trono; todo iso decorado con mobiliario e elementos ornamentais dos séculos XVIII e XIX. Viaxaremos a outra época grazas á colaboración da Mariña, que coidou e mantivo con esmero estas instalacións e que agora nos abre as súas portas para que coñezamos esta xoia do patrimonio ferrolán. (Esta visita é posible grazas á colaboración desinteresada da Armada).

INICIO DA VISITA:

» 11.00 h.

PUNTO DE ENCONTRO:

» Diante da porta do Palacio que dá aos xardíns (15 min. antes)

DURACIÓN:

» 1 hora.

PREZO:

» 4 euros por persoa; menores de 5 anos, de balde. O pagamento efectuarase ao inicio.

Inscripción previa no 696531070 ou en ferturguias@yahoo.es. Prazas limitadas. Nº máximo de 20 asistentes por visita. Guías turísticos habilitados pola Xunta de Galicia.

Cuartel de Dolores

VISITA GUIADA. DÍAS 18, 19, 20 DE ABRIL

Coiñeceremos o cuartel máis antigo de Ferrol e o único de España que segue cumprindo co seu labor orixinal: albergar as forzas de Infantería de Mariña. Ademais de visitar o seu interior, poderemos ver Fontelonga, a única porta de mar que se conserva da antiga muralla da cidade.

INICIO DA VISITA:

» 16.30 h.

PUNTO DE ENCONTRO:

» Diante da oficina de Correos. Traslado en autobús. (15 min. antes)

DURACIÓN:

» 1 hora e 20 minutos.

PREZO:

» 6 euros por persoa; menores de 5 anos, de balde. O pagamento efectuarase ao inicio.

Necesaria inscrición previa no 696531070 ou en ferturguias@yahoo.es. Prazas limitadas. Guías turísticas habilitados pola Xunta de Galicia.



Museos da Ilustración

MUSEO NAVAL

Irmandiños, s/n. Edificio de Herrerías.

Tel: 981 338 907.

www.armada.mde.es

Domingo, 14 de abril, de 10.30 a 20.00 h; do luns 15 ao mércores 17, de 9.30 a 20.00 h; e do 18 ao 21, de 10.30 a 20.00 h. O 22 de abril, festivo en Ferrol, estará pechado.

Entrada libre. Visitas guiadas para grupos con solicitude previa.

Exposición permanente de barcos antigos, mapas, material de navegación e información de todos os navíos construídos en Ferrol entre 1751 e 1984.



MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL EXPONAV

Irmandiños, s/n. Edificio de Herrerías.

Tel: 981 336 017.

www.exponav.org

De 10.00 a 20.00 h. Luns 22, pechado.

Xeral, 2 €; reducido, 1 € (familia numerosa e sêniors maiores de 60 anos); de balde: menores de 18 anos, cidadáns en situación legal de desemprego, estudantes entre 18 e 25 anos e persoas con discapacidade.

Percorrido polo maior museo de Europa dedicado á historia da construción naval. Destaca a beleza do seu interior, unha nave industrial do século XVIII.

OUTRAS ACTIVIDADES EN EXPONAV

Visita guiada de balde. Xoves, 18 de abril ás 12.00 h.

Obradoiros para nenos. Os días 15, 16 e 17 de abril, o museo celebrará os obradoiros gratuítos dirixidos a nen@s entre 4 e 11 anos. Prazas limitadas. Necesaria inscrición previa chamando ao 981359682 ou mediante correo electrónico exponav@exponav.org

Exposición de Miguel Angel Díaz Vidal (15 marzo -22 abril). A Sala Carlos III da Fundación Exponav acolle *Feelings*, que mostra a obra deste artista ferrolán. Entrada de balde.

DESCUBRE XOGANDO O FERROL DA ILUSTRACIÓN

Cóñece Ferrol de maneira diferente e divertida, viaxando no tempo desde os nosos días ao Ferrol da Ilustración do século XVIII. Só tes que descargar de Playstore ou do Apple Store a app gratuíta “Ferrol da Ilustración” e poderás xogar e gañar premios no acto, ademais de compartir o que máis che gusta cos teus amigos en redes sociais.

Grazas a este xogo, que contén personaxes e datos reais, descubrirás a historia de Ferrol ligada ao mar, á construción naval á Coroa de España.

¡DESCARGA A APP AQUÍ!

APP PARA IOS



APP PARA ANDROID



Paseos en barco pola ría

CRUCEIRO VOLTA Á RÍA

18, 19, 20, 21 DE ABRIL

DURACIÓN:

- » 1 hora.

SAÍDAS:

- » Dende o porto de Curuxeiras de Ferrol: 12.00, 13.00, 16.00, 17.00, 18.00 e 19.00 h.

PREZO:

- » 7 euros; menores de 6 anos, de balde.

Viaxe pola ría durante o que veremos os arsenais militares, o porto de Mugardos, o castelo da Palma, o Porto Exterior, o castelo de San Felipe e a base naval da Graña.



FERROL-MUGARDOS-FERROL

18, 19, 20, 21 DE ABRIL

SAÍDAS:

- » De Ferrol: 12.00, 13.00, 14.00, 16.00, 17.00, 18.00, 19.00 e 20.00 h.
- » De Mugardos: 12.30, 13.30, 14.30, 16.30, 17.30, 18.30, 19.30 e 20.30 h.

PREZO:

- » 3 euros/traxecto; menores de 6 anos, de balde.

Venda de tickets no mesmo barco.

Visitas recomendadas

EXPOSICIÓN PERMANENTE SEMANA SANTA DE FERROL

Costa de Mella, s/n.

Horario: Do 12 ao 21 de abril, de 11.30 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 h.

De balde.

Dende o 16 de marzo estará exposta unha colección de 21 cadros de Álvaro Núñez sobre a Semana Santa.

ruta ferrol confrade

Do 17 ao 19 de abril.

Horario: 17.00 h.

Punto de encontro: Praza Vella.

De balde.

MUSEO SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Casa do Coronel. Praza de Canido, s/n.

Laborais, de 9.30 a 13.30 h e de 16.30 a 20.30 h; domingos e festivos, de 10.00 a 14.00 h.

De balde.

Xestionado pola Sociedade Galega de Historia Natural, unha entidade ecoloxista sen ánimo de lucro, é o único museo da natureza de Galicia. Entre os seus fondos destaca a maior colección de ósos de cetáceos de España e unha das mellores do mundo, con exemplares de ata 15 millóns de anos. O espazo expositivo alberga coleccións de peles e aves, fósiles de especies terrestres e mariñas, así como exemplares de insectos, tiburóns, serpes... Moi recomendable para visitas de familias e colexios polo seu contido didáctico.



Visitas recomendadas



VISITA TEATRALIZADA DO MODERNISMO

VISITA GUIADA (18,19, 20, 21 ABRIL)

Catherine Wilson, unha dama de principios do século XX, acompañaranos neste percorrido a pé polo centro da cidade para ensinarnos os principais edificios modernistas, mostra dunha das correntes arquitectónicas que máis pegada deixou en Ferrol.

INICIO DA VISITA:

» 12.30 h.

PUNTO DE ENCONTRO:

» Soportais do Teatro Jofre (15 min. antes).

DURACIÓN:

» 1 hora e 30 minutos.

TARIFA POLO GUÍA TURÍSTICO:

» 5 euros por persoa; menores de 5 anos, de balde. O pagamento efectuarase ao inicio.

Non é necesaria reserva previa. Guías habilitados pola Xunta de Galicia.

MENINAS DE CANIDO

A acción artística “As Meninas de Canido” naceu como reivindicación polo estado de abandono dalgunhas vivendas do tradicional barrio ferrolán para engadir cor e alegría á zona. O pintor local Eduardo Hermida concibiu as Meninas de Velázquez como personaxes fáciles de reinterpretar por outros artistas chegados non só de Galicia senón tamén de diferentes puntos de España e do estranxeiro.

Hoxe é difícil pasear por Canido sen atoparse cunha Menina (hai máis de 300). Unha vintena delas cobraron vida grazas á realidade aumentada (para comprobalo é preciso que descarguedes a app gratuíta AR FERROL e logo enfoquedes as Meninas).

Se estades en Ferrol, non debes perder a oportunidade de visitar Canido e coñecer as Meninas. Namoraranvos! (Recomendación: levar cámara fotográfica ou móbil con boa carga de batería porque non pararedes de sacar fotografías...)





Do mar ao prato polo Camiño Inglés

DÍAS 16 E 17 DE ABRIL

Esta ruta lévanos a coñecer os primeiros pasos polo Camiño Inglés a Santiago de Compostela –explorando os seus edificios máis emblemáticos, así como os hábitos dos peregrinos e os oficios das xentes de Ferrol, como a pesca ou o marisqueo– da man do peregrino Guzmán de Torroja. Así, visitaremos a Lonxa, a Peixaría e o Mercado da Magdalena con diversas paradas para degustar os produtos gastronómicos que proceden dos nosos mares.

INICIO DA VISITA:

» 11.00 h.

PUNTO DE ENCONTRO:

» Oficina de recepción ao peregrino do porto.

DURACIÓN:

» 3 horas.

PREZO:

» 12 euros.

GRUPO MÁXIMO:

» 20 persoas.



Organiza: Secret Galicia. Inscripción no teléfono 661275545.
Colabora: Xunta de Galicia, Confraría de Pescadores de Ferrol, Casalexo, Taberna del Kraken e Turvegal.

Rutas en taxi polo litoral de Ferrol

Radio Taxi Ferrol ofrece diversos itinerarios para coñecer o litoral de Ferrol, que forma parte da Costa Ártabra, declarada Lugar de Importancia Comunitaria polo seu gran valor ambiental. Nos percorridos propostos, realizaremos paradas para contemplar a paisaxe, sacar fotografías, etc., respectando os tempos estipulados para cada lugar. En todos os casos, o inicio e final da ruta pode realizarse en calquera punto do núcleo urbano de Ferrol.

O prezo é por vehículo, con independencia do número de viaxeiros (de un ata seis dependendo do tipo de coche; para o de 6 prazas é necesario reservar con antelación de 48 h). O prezo inclúe IVE, equipaxe, mascotas, can guía e/ou cadeira de rodas.

ITINERARIO 1

45 km | 3 horas | Prezo: 75 €

- » Praia de Caranza (capela Santa María 5')
- » Praia da Cabana (só con marea baixa)
- » Praia da Graña (porto deportivo 5')
- » Praia San Felipe (dos castelos 10')
- » Praia Castelo San Felipe (só con marea baixa)
- » Praia Cariño (capela de San Cristovo)
- » Praia Punta Penencia (lagoa de Doniños)
- » Praia de Doniños (praia de surf, bodyboard... 10')
- » Praia de San Jorge (fusión de bosque e praia 10')
- » Praia de Esmelle (windsurf, kitesurf)
- » Praia da Fragata (cámping 10')
- » Praia Praisal (familiar)
- » Praia do Vilar (pequena cala)
- » Praia de Santa Comba (capela nunha illa 10')
- » Praia Sartaña (caleta de pescadores 10')
- » Praia de Ponzos (antiga mina, voos en parapente)

Nota: os taxistas non son guías turísticos e só realizan o servizo de transporte. Con todo, os taxis dispoñen de folletos turísticos das praias e da natureza de Ferrol.





ITINERARIO 2

35 km | 1 hora e 25 minutos | Prezo: 40 €

- » Praia A Graña (porto deportivo 5')
- » Praia San Felipe (dos castelos 10')
- » Praia Castelo San Felipe (só con marea baixa)
- » Praia Cariño (capela de San Cristovo)
- » Praia de Doniños (praia de surf, bodyboard... 10')
- » Praia de San Jorge (fusión de bosque e praia 10')

ITINERARIO 3

36 km | Duración: 1 hora e media | Prezo: 40 €

- » Praia A Fragata (cámping 10')
- » Praia Praisal (familiar)
- » Praia O Vilar (pequena cala)
- » Praia de Santa Comba (capela nunha illa 10')
- » Praia Sartaña (caleta de pescadores 10')
- » Praia de Ponzos (antiga mina, voos en parapente)

ITINERARIO 4

26 km | 1 hora | Prezo: 30 €

- » Praia de Santa Comba (capela nunha illa 10')
- » Praia Sartaña (caleta de pescadores 10')
- » Praia de Ponzos (antiga mina, voos en parapente)

ITINERARIO 5

25 km | 1 hora | Prezo: 30 €

- » Praia de Doniños (mirador 10')
- » Praia de Doniños (praia 5')
- » Praia de San Jorge (fusión de bosque e praia 10')

Museos

XARDÍN DIDÁCTICO DA AUGA (AQUACIENCIA)



Parque Raíña Sofía, s/n

T: 981 944 221 www.ferrol.es/aquacencia

Horario: De martes a sábado, de 10.00 a 14.00 h e de 16.30 a 20.00 h. Domingo, luns e festivos, pechado.

Un espazo para aprender e xogar coa auga. De forma amena, poderemos ir paseando polo xardín e, mediante distintos dispositivos, maquetas, paneis e xogos, descubrir a auga, a súa enerxía e os seus usos e propiedades.

CENTRO TORRENTE BALLESTER (CTB)

Concepción Arenal, s/n.

T: 981 944 187 www.centrotorrenteballester.es

Horario: De martes a sábado, de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.00 h; domingos e festivos, de 11.00 a 14.00 h. Luns, pechado.

Acceso gratuito.

Dedicado á exhibición, produción e estudo da arte contemporánea. Situado nun emblemático edificio do século XVIII, antigo Hospital de Caridade, foi obxecto dunha rehabilitación integral. Na súa capela celébranse espectáculos de pequeno formato pero de gran calidade.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS EN SEMANA SANTA NO CTB:

PINTOR MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ

90 obras que repasan a súa produción dos últimos anos. Poderemos comprobar, a través dos seus achegamentos ao impresionismo e ao paisaxismo máis academicista, o seu dominio da luz e a textura nas distintas técnicas utilizadas.

FERNANDO PATIÑO. HUMO

Exposición da última obra realizada polo pintor ferrolán Fernando Patiño na que mostra o seu dominio da técnica do fumage. Ao longo da exposición, poderemos comprobar a súa mestría na realización de retratos, pero tamén a interpretación de espazos e ideas. Achegarémonos á técnica en si mesma coa presentación de deseños e ferramentas diversas utilizadas na creación das súas obras.

AFUNDACIÓN (OBRA SOCIAL ABANCA)

Praza da Constitución, s/n.

www.afundacion.org

Horario do 15 ao 20 de abril: De 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.00 h.

Edificio rehabilitado en 2005 que, dende a súa construción, acolleu sucesivamente o Concello, o Cárcere, o Instituto de Secundaria e o Goberno Militar. Atópase no barrio da Magdalena, a escasos metros dalgúns dos edificios máis emblemáticos da cidade: o Mercado, o Teatro Jofre ou a Concatedral. Dende que alberga a sede de Afundación, converteuse nun centro cultural que ofrece exposicións, cursos, obradoiros, faladoiros e todo tipo de actos culturais e sociais.

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS EN SEMANA SANTA:

TERRAS DE SALITRE. CRISTINA MITTERMEIR

Na sala de exposicións, 2º andar.

INSPIRADOS POLO VIÑO

Premio de Gravado e Viño Pedro Vivanco. Patio central, 1º andar.

OBRAIRO INFANTIL: “LAS OREJAS MÁGICAS QUE HABLABAN EL IDIOMA CONEJO”

- Nenos de 4 a 9 anos.
- Días 15, 16 e 17 de abril, de 11.30 a 13.30 h.
- Prezo: 4 €.

Un tímido coello de Pascua agochouse nos espazos de Afundación. Para coñecelo mellor, a el e as súas historias, os espectadores terán que poñer unhas máxicas orellas de coello... Buscaremos ovos de Pascua escondidos, coñeceremos mellor a orixe da tradición da Semana Santa e fabricaremos os nosos propios coellos de Pascua.

AULA DE ECOLOXÍA URBANA

Rúa Irmandiños, s/n.

Tel. 981 944 222 www.ferrol.es/au

Horario: De martes a domingo e festivos, de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h.

Todos os días, a partir das 16.30 h., haberá actividades gratuítas para adultos e nenos, aproveitando residuos. Para asistir non é necesaria inscrición previa, pero as prazas son limitadas.

OBRAIRO “CREACIÓN DE ANIMAIS CON RESIDUOS”

Específico para nenos ata os 12 anos (menores de 7 acompañados dun adulto), de 11.00 a 13.00 h.

Información práctica

OFICINAS DE TURISMO

OFICINA MUNICIPAL PRAZA DE ESPAÑA

Tel: 981 944 251

ferrolturismo@ferrol.es.

Horario do 12 ao 22 de abril: de 9.00 a 13.00 e de 16.30 a 18.30 h.

OFICINA MUNICIPAL PORTO DE CURUXEIRAS

Paseo da Mariña, s/n.

Tel: 981 944 252.

Horario do 12 ao 22 de abril: de 8.30 a 13.30 e de 17.00 a 19.30 h.

OFICINA DE TURISMO XUNTA DE GALICIA

Praza Camilo José Cela, s/n.

Tel: 981 337 131.

ÁREA DE AUTOCARAVANAS

A área sitúase na Malata, a uns 2 km do centro de Ferrol, próxima ao recinto feiral, ao campo de fútbol e ao porto de Curuxeiras, km 0 do Camiño Inglés a Santiago de Compostela. En Curuxeiras, no verán e en Semana Santa, é posible tomar un barco para dar un paseo pola ría de Ferrol ou ata a veciña vila de Mugardos, moi popular polo seu “polbo à mugardesa”. Nas súas proximidades, hai un carril bici, parque e zona de xogos infantil. A gasolinera máis próxima atópase a 1 km aproximadamente.

Servizos dispoñibles: auga potable · baleirado de augas grises · baleirado de augas negras · zona de picnic · posibilidade de pasar a noite.

Localización:

GPS: Latitude: 43.493236 | Lonxitude: -8.239834

ALOXAMENTOS

HOTEL CARRÍS ALIMIRANTE ****

María, 2. Tel. 981 333 073.

GRAN HOTEL FERROL ****

Avda. de Castela, 75. Tel. 981 330 226.

HOTEL PARADOR DE FERROL ***

Praza do Contralmirante Azarola Gresillón, s/n. Tel. 981 356 720.

HOTEL RESIDENCIA EL SUIZO ***

Dolores, 67. Tel. 981 300 400.

HOTEL RESIDENCIA VALENCIA ***

Catabois, 390. Tel. 981 370 312.

HOTEL ALMENDRA *

Almendra, 4-6. Tel. 981 358 190.

HOTEL AMÉRICA *

Sánchez Calviño, 70-76. Tel. 981 370 208.

HOTEL REAL *

Dolores, 11. Tel. 981 351 586.

HOTEL SILVA *

Río Castro, 42-44. Tel. 981 310 552.

HOSTAL LA FRONTERA

San Andrés, 4. Tel. 881 953 036.

POUSADA DO MAR DA GRAÑA

Real Baixa, 43. Tel. 654 302 686.

CASA DE ALDEA A CASA DO VELEIRO

Lugar de Tralocastro, s/n. Esmelle. Tel. 981 365 660.

PR VAL DE SERANTES ****

Serantelos, 280. Tel. 981 318 980.

PR MAGALLANES **

Carretera de Castela, 401. Tel. 981 311 648.

PR PORTANOVA II **

Naturalista López Seoane, 33-35. Tel. 981 359 772.

PR ZAHARA **

Pardo Baixo, 28. Tel. 981 351 231.

PR EL CAIRO *

Dolores, 32-2º. Tel. 981 353 266.

PR A COCHERA *

San Xoán de Esmelle, 6. Tel. 981 365 250.

PR O CHOLLO II *

Carlos III, 70-2º. Tel. 650 233 473.

PR FERROL*

Sánchez Calviño, 48. Tel. 981 371 314.

PR LOLY *

Espoz y Mina, 1-B. Tel. 619 322 690.

PR PORTANOVA *

Fontemoura, 26. Tel. 981 370 648.



FERROL
DA ILUSTRACIÓN



www.visitferrol.com



www.facebook.com/ferrolturismo



www.youtube.com/user/ferrolturismo



[@marvisitFerrol](https://twitter.com/marvisitFerrol)